

APROBADA POR UNANIMIDADE A MOCION DE VECIÑANZA PARA A CREACIÓN DUNHA ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN CUNTIS

- *O turismo de autocaravanas, ou itinerante, está a experimentar un crecemento moi significativo nos últimos anos en toda Europa e, por suposto, tamén en Galicia. As particulares condicións impostas pola pandemia do coronavirus non fixeron máis que incrementar este auxe.*
- *“Cuntis carece, e este goberno segue a ser incapaz de implantala, dunha estratexia, dun plan, dunha folla de ruta que nos permita rendibilizar o potencial da nosa vila. Van alá seis anos de goberno do PSOE e a política de desenvolvemento turístico é unha recompilación de paus de cego improvisados”, afirmou o voceiro de Veciñanza Santi Martínez*

Cuntis, 31 de xullo de 2021

O pleno da Corporación Municipal de Cuntis celebrado o pasado xoves, 29 de xullo, **aprobou por unanimidade a iniciativa de Veciñanza para a creación dunha área de autocaravanas na vila cuntiense. Esta proposta figuraba no programa electoral de Veciñanza e agora materialízase mediante a aprobación dunha moción** que o voceiro Santi Martínez defendía así: *“É xa unha evidencia que o turismo de autocaravanas está en pleno auxe non só en Galicia senón en toda Europa. Nos últimos tempos e a causa das circunstancias forzadas pola pandemia do coronavirus, este tipo de lecer non fixo máis que aumentar exponencialmente xa que cumpre todas as esixencias que as restricións sanitarias veñen impoñendo. Unha vila que queira facer do seu sector turístico un sector económico relevante non pode quedar atrás neste tipo de equipamentos, e desgraciadamente Cuntis xa o está”*.

O turismo de autocaravanas, ou itinerante, está a experimentar un crecemento moi significativo nos últimos anos en toda Europa e, por suposto, tamén en Galicia. As particulares condicións impostas pola pandemia do coronavirus non fixeron máis que incrementar este auxe. Cada vez máis búscanse espazos ao aire libre, con menos concentración de persoas, maior aproveitamento do medio natural, etc. Unha das características deste tipo de turismo é o impacto económico que deixa nos destinos que contan con habilitación para o estacionamento de visitantes cos seus vehículos. O gasto no comercio local, en servizos e na hostalaría é moi considerable, como así o confirman estudos de repercusión económica realizados polo propio sector e por outras instancias. Para que este impacto sexa o máis aproveitable posible para a economía local, a área de estacionamento de autocaravanas debe estar situada o máis próxima posible ao centro da vila. A web de Turismo de Galicia rexistra nestes momentos un total de 127 áreas de autocaravanas con diferentes servizos. Estímase máis de 3000 autocaravanas en Galicia, máis de 54000 no Estado Español e máis de 5 millóns en toda Europa, se ben é probable





que estas cifras se vexan a día de hoxe xa incrementadas debido ao incesante crecemento que esta actividade está a experimentar.

Veciñanza agarda que a aprobación desta moción se materialice canto antes e non pase, como tantas outras, ao esquecemento ao que o goberno municipal do PSOE leva sometidas moitas das iniciativas presentadas anteriormente. No debate da moción, o voceiro de Veciñanza recordaba que *“Cuntis carece, e este goberno segue a ser incapaz de implantala, dunha estratexia, dun plan, dunha folla de ruta que nos permita rendibilizar o potencial que todos/as coincidimos que ten Cuntis. Van alá seis anos de goberno do PSOE e a política de desenvolvemento turístico é unha recompilación de paus de cego improvisados. Pasar dun investimento inexistente a un investimento mínimo non é un gran avance, pero é todo o que pode dicir este goberno que fixo nesta materia. Cuntis quedou unha vez máis atrás e a día de hoxe non figura no mapa de áreas de autocaravanas, o cal repercute negativamente á hora de atraer este tipo de turismo que, se por algo destaca, é pola súa sostibilidade”*.

Esta foi a única proposta debatida na sesión do pleno municipal. O goberno municipal baleirou de contido as sesións plenarias ata convertelas en puros trámites, negando o debate e rexeitando responder ás preguntas dos grupos da oposición.

